

toria de determinadas liñas de axuda e á publicación dos créditos asignados a cada unha delas (DOG nº 59, do 23 de marzo).

Mediante Resolución do 5 de novembro de 2007 procedeu novamente á convocatoria de determinadas liñas de axuda e á publicación dos créditos correspondentes (DOG nº 220, do 14 de novembro), establecéndose no seu punto cuarto que os importes previstos inicialmente poderían ser ampliados en función das disponibilidades orzamentarias sen que iso dea lugar á apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes, salvo indicación expresa en contrario na resolución que se publique para o efecto.

Tendo en conta o volume de solicitudes recibidas e tratando de dar resposta á ampla demanda de axuda, semella oportuno incrementar o importe aprobado para os seguintes programas:

-Proxectos de investimento empresarial para a creación de establecementos en novas localizacións ou ben en ampliación ou modernización de instalacións preexistentes (procedemento IG100-Artigo 4).

-Proxectos de investimento tecnolóxico das Pemes entre 100.000 e 600.000 € (procedemento IG103-Artigo 5.1º.2).

-Proxectos dirixidos a mellorar a organización das Pemes mediante a consultoría de proceso e implantación de ferramentas de xestión e cadros de mando (procedemento IG104-Artigo 5.1º.3).

Na súa virtude e de conformidade coas facultades que teño conferidas

RESOLVO:

Primeiro.-Amplíase en 6.000.000 € o crédito para o exercicio 2010 para os proxectos de investimento empresarial para a creación de establecementos en novas localizacións ou ben en ampliación ou modernización de instalacións preexistentes, ao abeiro da base reguladora dos incentivos a proxectos de investimento empresarial (procedemento IG100-Artigo 4), 3.500.000 € con cargo á partida orzamentaria E2/10/01 e 2.500.000 € con cargo á partida orzamentaria E2/10/02, resultando o crédito dispoñible para o 2010 do seguinte xeito:

Partida orzamentaria	Finalidade	Euros
E2/10/01	Proxectos de investimento empresarial para a creación de establecementos en novas localizacións ou ben en ampliación ou modernización de instalacións preexistentes. Proxectos localizados nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal (anexo III).	3.500.000
E2/10/02	Proxectos de investimento empresarial para a creación de establecementos en novas localizacións ou ben en ampliación ou modernización de instalacións preexistentes.	12.500.000

Segundo.-Amplíase en 7.700.000 € o crédito para o exercicio 2008 e en 1.300.000 € o crédito para o exercicio 2009 establecido na partida E2/10/03-656700 para os proxectos de investimento tecnolóxico das Pemes entre 100.000 e 600.000 €, ao abeiro da base reguladora dos incentivos a proxectos de investimento empresarial (procedemento IG103-Artigo 5.1º.2.), resultando un total de crédito dispoñible de 8.700.000 € para o exercicio 2008 e de 2.300.000 € para o exercicio 2009.

Terceiro.-Amplíase en 1.800.000 € o crédito para o exercicio 2008 establecido na partida E4/10/01-656700 para os proxectos dirixidos a mellorar a organización das Pemes mediante a consultoría de proceso e implantación de ferramentas de xestión e cadros de mando, ao abeiro da base reguladora dos incentivos a proxectos de investimento empresarial (procedemento IG104-Artigo 5.1º.3.), resultando un total de crédito dispoñible de 2.400.000 € para o exercicio 2008.

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2008.

Álvaro Álvarez-Blázquez Fernández
Director xeral do Instituto Galego de Promoción
Económica

Resolución do 15 de xullo de 2008 pola que se procede á segunda convocatoria para o exercicio 2008, en réxime de concorrencia competitiva, de determinadas liñas de axuda do Igape.

Mediante Resolución do 12 de marzo de 2008 publicouse a nova redacción das bases reguladoras dos incentivos económicos e das bases reguladoras dos procedementos de tramitación das liñas de axuda o Igape (DOG nº 55, do 18 de marzo de 2008).

Estas bases prevén que as convocatorias de axudas, que conterán en todo caso o prazo de presentación de solicitudes e os créditos asignados a elas, serán aprobadas mediante resolución do director xeral do Igape e publicadas no *Diario Oficial de Galicia*.

As solicitudes tramitaranse segundo o establecido no capítulo I das bases reguladoras dos procedementos de tramitación das liñas de axuda do Igape, publicadas mediante a antedita Resolución do 12 de marzo de 2008 (DOG nº 55, do 18 de marzo de 2008).

Na súa virtude e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Primeiro.-Convócanse en réxime de concorrencia competitiva as seguintes liñas de axuda da base reguladora de apoios a proxectos colaborativos de carácter empresarial, publicada mediante Resolución do 12 de marzo de 2008 (DOG nº 55, do 18 de marzo), cuxo prazo de presentación de solicitudes se abrirá ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*; no caso de coincidir en sábado ou día inhábil en Santiago de Compostela, o prazo comezará o día hábil seguinte, e pecharase o 12 de setembro de 2008:

1. Celebración en Galicia de xornadas técnicas, seminarios, foros ou premios dirixidos á difusión de técnicas, metodoloxías, ferramentas ou boas prácticas nos núcleos da innovación á mellora competitiva ou á aprendizaxe (Procedemento IG114 - Artigo 1.1.1.a)).

Os créditos dispoñibles para concesións nesta convocatoria ascenden a 250.000 €, que se aboarán con cargo á aplicación orzamentaria E4/10/02-651800 dos orzamentos do Igape para o 2008.

2. Celebración en Galicia de encontros empresariais entre emprendedores e investidores privados (business angels) (Procedemento IG114 - Artigo 1.1.1.b)). Os créditos dispoñibles para concesións nesta convocatoria ascenden a 50.000 €, que se aboarán con cargo á aplicación orzamentaria E4/10/02-651800 dos orzamentos do Igape para o 2008.

3. Celebración en Galicia de congresos ou eventos expositivos de alcance internacional (Procedemento IG114 - Artigo 1.1.1.c)). Os créditos dispoñibles para concesións nesta convocatoria ascenden a 200.000 €, que se aboarán con cargo á aplicación orzamentaria E4/10/02-651800 dos orzamentos do Igape para o 2008.

Segundo.-Todos os eventos incluídos nas solicitudes de axuda que se presenten ao abeiro desta convocatoria deberán realizarse entre o 1 de xullo de 2008 e o 31 de decembro de 2008.

Terceiro.-Para todos os créditos especificados nesta convocatoria resérvase un 10% para proxectos localizados nos municipios da Costa da Morte, e outro 10% para proxectos localizados na comarca de Valdeorras, que figuran nos anexos IV e V, respectivamente, das bases reguladoras dos incentivos económicos do Igape. Así mesmo, para os proxectos localizados nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, que figuran no anexo III das bases reguladoras dos incentivos económicos do Igape, resérvase outro 10% dos devanditos. No caso de que os proxectos aprobados non esgoten os créditos reservados, o remanente aplicarase aos restantes proxectos.

Cuarto.-Á vista do volume das solicitudes presentadas para cada liña e mediante resolución, o director xeral do Igape poderá redistribuír entre elas os créditos aprobados, os cales tamén poderán ser ampliados e as partidas orzamentarias modificadas mediante resolución publicada para o efecto.

Quinto.- Os requisitos das letras c), e) e l) do artigo 20.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sinálanse nas bases reguladoras dos incentivos económicos do Igape publicadas mediante Resolución do 12 de marzo de 2008 (DOG nº 55, do 18 de marzo de 2008) e os requisitos das letras f), h), i), j), k), m) e n) do citado artigo, sinálanse nas bases reguladoras dos procedementos de tramitación das liñas de axuda do Igape publicadas tamén mediante a Resolución do 12 de marzo de 2008.

Sexta.-O modelo de solicitude e demais anexos son os xa publicados coas bases reguladoras dos incentivos económicos do Igape (DOG nº 55, do 18 de marzo de 2008).

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2008.

Álvaro Álvarez-Blázquez Fernández
Director xeral do Instituto Galego de Promoción
Económica

Resolución do 16 de xullo de 2008 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), que aproba as bases reguladoras e a convocatoria da I edición dos Premios ás Iniciativas para o Fomento da Creatividade Aplicada.

O Consello de Dirección do Igape, na súa xuntanza do 27 de xuño de 2008, acordou por unanimidade dos seus membros asistentes, a aprobación das bases reguladoras e da convocatoria da I edición dos Premios ás Iniciativas para o Fomento da Creatividade Aplicada.

Na súa virtude e, de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Primeiro.-Publicar as bases reguladoras e a convocatoria da I edición dos Premios ás Iniciativas para o Fomento da Creatividade Aplicada, as cales se anexan a esta resolución.

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2008.

Álvaro Álvarez-Blázquez Fernández
Director xeral do Instituto Galego de Promoción
Económica

Bases reguladoras e convocatoria da I edición dos
Premios ás Iniciativas para o Fomento da
Creatividade Aplicada

Co obxecto de contribuír nun esforzo coordinado e conxunto a elevar o nivel socioeconómico, cultural, formativo e tecnolóxico das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, o Instituto Galego de Promoción Económica (en adiante, Igape), as tres universidades galegas e a *Asociación Impulsora do Plan Ferrol* asinaron, o 7 de abril de 2008, un convenio de colaboración para o fomento da creatividade aplicada.

As actuacións amparadas neste convenio, que deberán incidir directamente dentro do ámbito territorial do Plan de desenvolvemento integral das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, sen que iso exclúa que poidan beneficiar a outros territorios e ao conxunto da sociedade en xeral, desenvolveranse a través das denominadas Iniciativas ou propostas creativas que poidan conducir a un novo produto ou servizo, á mellora dos existentes, á implantación de novos proxectos, e ao aumento da capacidade competitiva das empresas, do capital humano e do territorio, así como calquera outra que de forma inequívoca sexa acorde co obxecto e ámbito do convenio.

Identifícanse como actividades prioritarias as enerxías alternativas, loxística, industria naval, medio ambiente e natureza e turismo; calquera outras actividades exitosas xa existentes na actualidade e propias de sociedades avanzadas ligadas ao coñecemento, que non existan na zona e cuxa implantación no medio prazo sexa realista; aquelas actividades que, aínda non acadando o grao de